



FOTO: facebook.com/

premio.xosemariaperezparalle

EDUARD VELASCO, gañador dos premios Pérez Pellaré e Leiras Pulpeiro

‘Alegra que guste o que fas, pero vivo o premio con terror’

Filólogo e tradutor, o catalán Eduard del Castillo Velasco, asentado na Galiza, vén de gañar os premios de poesía Leiras Pulpeiro e Pérez Pellaré. Con este dobre recoñecemento e a próxima publicación do seu primeiro poemario, irrompe no panorama literario galego con voz propia.

HELENA DOMÍNGUEZ helenadominguezg@gmail.com

— **Gañaches dous premios de poesía nun curto período de tempo. Que representa para ti este duplo recoñecemento?**

Sempre alegre que guste o que fas e que che digan que hai unha calidade. Eu sempre fun de escribir pouquísimo e non sei se isto me vai levar a facelo con máis intensidade. O premio Pérez Parallé comporta a publicación en Espiral Maior, o que representa ter un poemario publicado nunha das coleccións máis prestixiosas do país. Soa ben, mais vivo con terror e case con arrepentimento. Repaso o texto obsesivamente e cuestiónome se ese poemario vai achegar algo interesante ao panorama. Neste momento, agradezo tamén moitísimo o diñeiro dos premios, que me arranxaron o soldo duns meses.

— **Xa tes dúas novelas traducidas do catalán ao galego, *Pan negro* e *As valgadas bravas*. Que dificultades representa para ti a tradución inversa?**

Sempre puxen en cuestión esta etiqueta. Inversa, para quen? No meu caso, que son falante de galego a diario e me dedico a estudar a lingua e a cultura galegas desde hai anos, non representa ningunha dificultade distinta ás que podo ter ao traducir ao catalán. A mellor maneira de coñecer unha lingua é vivindo nela todo tipo de situacións. Para min a tradución é un traballo artesanal que require, sobre todo, tempo e paciencia. Dúbdas teño traducindo a calquera das dúas linguas e resólvoas cos dicionarios, coas gramáticas, cos corpus ou consultando a mellor ferramenta da que dispomos, que son os falantes, aos

que agradezo sempre a paciencia e a sabedoría á hora de responder as miñas preguntas.

— **Como foi a experiencia de traducir *O porco de pé*. Sénteste agora máis próximo da literatura de Risco?**

A Fundación Vicente Risco permitíume levar adiante ese proxecto que consistía en traducir a novela conxuntamente con dous contos que, na miña opinión, están moi relacionados. *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros* é unha narración exquisita, e *Os europeos en Abrantes* é unha novela inacabada que, a pesar diso, se pode ler coma un conto e complementa o anterior. Para min, *O porco de pé* ten máis interese histórico ca literario, aínda que lle hai que recoñecer unha boa dose de experimentación. Paréceme importante que estea traducida para coñecer unha época fundamental da cultura galega e para introducirse na figura de Vicente Risco, a quen cómpre coñecer para entender moitas cousas, máis alá da opinión que nos mereza a súa traxectoria.

— **En que proxectos traballas actualmente?**

Estou traducindo *Paraules d’Opòton el vell*, de Avel·lí Artís Gener, máis coñecido como Tísner. Unha novela catalá escrita en México nos anos 60 e ambientada na Galiza na que se recrea a descuberta de Europa por parte dos mexicas uns anos antes da invasión de América. Edítase, grazas á xenerosidade da familia Artís, o ano que vén en Hugin e Munin, a mesma editora que publicou *As valgadas bravas*. Teño tamén entre mans algunha tradución que non quero revelar e ando nun proxecto literario e noutro fotográfico —en colaboración— que me gustaría que saísen adiante.

‘A mellor maneira de coñecer unha lingua é vivindo nela todo tipo de situacións’

@eduard_dcv

■ **REVISTA LUZES.** Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro, directores da revista, presentaron en decembro en Barcelona o nº 11, dedicado a Catalunya, co título ‘Catalunya sense tabús’.

www.revistaluzes.com

■ **REVISTA ABRIU.** A publicación científica de estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal, editada pola Universitat de Barcelona, vén de publicar o seu terceiro número, dedicado á novela negra. revistes.ub.edu/index.php/Abriu

■ **CERTAME ROSALÍA.** O certame literario organizado pola Asociación Cultural Rosalía de Castro de Cornellà entregou en novembro os premios 2014. Miriam Ferradáns, en poesía, e Alba Sánchez, en narrativa, resultaron gañadoras.